



CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

RESOLUCIÓN

Nº Expediente: 2024/CONTRAT/000079

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS “PLAN II 2024 DE SEGUROS DO CONCELLO DE OLEIROS: PROTECCIÓN DE RISCOS EN PÓLIZAS DE ACCIDENTES VARIOS, RC EMBARCACIÓNS E RC AUTORIDADES – LOTE 2. PÓLIZA DE ACCIDENTES DE MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL, POR PROCEDEMENTO ABERTO

Mediante Resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 2024003701, de 15 de xullo; aprobouse o expediente administrativo para a contratación, mediante procedemento aberto e polo trámite de urxencia, do contrato de servizos denominado “PLAN II DE SEGUROS DO CONCELLO, PROTECCIÓN DE RISCOS EN PÓLIZAS DE ACCIDENTES VARIOS, RC EMBARCACIÓNS E RC AUTORIDADES”.

O orzamento da presente licitación é de 99.900,00 € (exento de IVE).

Cómpre ter en conta que a execución deste servizo non tributa no Imposto sobre o Valor Engadido ao estar exento do mesmo (art. 20.un.16 da Lei 37/1992 del 28 de decembro do Imposto sobre o Valor Engadido).

Esta licitación desagregase nos seguintes lotes:

LOTE	Asunto	Importe
1	PÓLIZA DE ACCIDENTES E ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIAS DO CONCELLO DE OLEIROS	36.000,00€
2	PÓLIZA DE ACCIDENTES DE MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE OLEIROS	2.800,00€
3	PÓLIZA DE VIDA DE MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE OLEIROS	14.000,00€
4	PÓLIZA DE ACCIDENTES DOS TRABALLADORES SOCIAIS DO CONCELLO DE OLEIROS	1.300,00€
5	PÓLIZA DE ACCIDENTES DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE OLEIROS	2.500,00€
6	PÓLIZA DE ASISTENCIA EN VIAXE DA ACTIVIDADE ORGANIZADA POLO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE OLEIROS VEN E DESCUBRE	8.300,00€
7	PÓLIZA DE RC EMBARCACIÓNS DO CONCELLO DE OLEIROS	3.000,00€
8	PÓLIZA DE RC DE AUTORIDADES E PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE OLEIROS	32.000,00€
TOTAL		99.900,00€

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 24 de xullo do 2024.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Rematado o día 1 de agosto do 2024 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Empresa INCLUEPICTURE " https://contrataciondeestado.es/wps/PA_PortletsPlace/ibmjsf/res/img/1x1.gif " * MERGEFORMATINET INCLUEPICTURE " https://contrataciondeestado.es/wps/PA_PortletsPlace/ibmjsf/res/img/1x1.gif " * MERGEFORMATINET INCLUEPICTURE " https://contrataciondeestado.es/wps/PA_PortletsPlace/ibmjsf/res/img/1x1.gif " * MERGEFORMATINET INCLUEPICTURE " https://contrataciondeestado.es/wps/PA_PortletsPlace/ibmjsf/res/img/1x1.gif " * MERGEFORMATINET INCLUEPICTURE " https://contrataciondeestado.es/wps/PA_PortletsPlace/ibmjsf/res/img/1x1.gif " * MERGEFORMATINET INCLUEPICTURE " https://contrataciondeestado.es/wps/PA_PortletsPlace/ibmjsf/res/img/1x1.gif " * MERGEFORMATINET INCLUEPICTURE " https://contrataciondeestado.es/wps/PA_PortletsPlace/ibmjsf/res/img/1x1.gif " * MERGEFORMATINET INCLUEPICTURE " https://contrataciondeestado.es/wps/PA_PortletsPlace/ibmjsf/res/img/1x1.gif " * MERGEFORMATINET INCLUEPICTURE " https://contrataciondeestado.es/wps/PA_PortletsPlace/ibmjsf/res/img/1x1.gif " * MERGEFORMATINET	Nº Identificación	Data e hora de presentación da oferta	Lotes aos que se present a
AIG Europe S.A.	W0186206I	30-07-2024 15:30	8
AXA AURORA VIDA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	A48464606	31-07-2024 10:52	3
GENERALI ESPAÑA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	A28007268	31-07-2024 10:25	2
HELVETIA COMPAÑÍA SUÍZA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	A41003864	01-08-2024 12:47	1,2,4
MAPFRE VIDA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS SOBRE LA VIDA	A28229599	26-07-2024 09:35	1,2,4,5
MGS, SEGUROS Y REASEGUROS S.A.	A08171373	01-08-2024 16:33	1,4,5,7
PREVISIÓN BALEAR, M.P.S.	V07103419	01-08-2024 14:57	1,2,4,5
W.R. BERKLEY EUROPE AG, SUCURSAL EN ESPAÑA	W03711455G	31-07-2024 14:26	1,2,4,5

De conformidade co art. 157 da LCSP e o prego de cláusulas administrativas particulares, a Mesa de Contratación reunida o día 2 de agosto do 2024 procedeu, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 subtítulo "Documentación administrativa" e comprensivo da documentación administrativa presentada polos licitadores; resultando que a Mesa considerou correcta a presentada por todos eles, admitíndoos, polo tanto, a esta licitación.

A continuación, procédese á apertura do sobre ou arquivo electrónico nº 3 denominado "Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior".

LOTE 2. PÓLIZA DE ACCIDENTES DE MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

De conformidade cos criterios obxectivos de adxudicación recollidos no anexo XIV do PCAP, as empresas licitadoras a este lote presentan as seguintes ofertas,

	OFERTA ECONÓMICA (dous anos)
GENERALI ESPAÑA, S.A.	2.586,86 €
HELVETIA COMPAÑÍA SUÍZA, S.A.	1.802,06 €
MAPFRE VIDA, S.A.	1.642,80 €





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

PREVISIÓN BALEAR, M.P.S.	1.185,10 €
W.R. BERKLEY EUROPE AG	2.800,00 €

Así, a documentación presentada polos licitadores é aportada aos técnicos para a súa correspondente avaliación.

Unha vez analizadas as ofertas, o equipo técnico pon en coñecemento da Mesa que, en aplicación dos supostos para considerar unha oferta como desproporcionada ou temeraria relacionados no anexo XIV do PCAP, a licitadora “PREVISIÓN BALEAR, M.P.S.” incorre na situación de oferta anormalmente baixa, polo que se lle concede un prazo de cinco días hábiles para que xustifique a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP; de conformidade coa cláusula 2.2.10 e anexo XIV do prego de cláusulas administrativas particulares.

Transcorrido o prazo indicado e mediante informe emitido en data 6 de agosto do 2024, por D. Iago Merino Vidal, mediador de seguros da empresa “Willis Iberia Correduría de Seguros y Reaseguros, S.A.U.”, empresa coa que este Concello ten contratado o servizo de mediación de seguros privados do Concello de Oleiros, a Mesa de Contratación reunida de novo o día 8 de agosto do 2024, acorda admitir a esta licitación á empresa PREVISIÓN BALEAR, M.P.S. para este lote por considerar xustificada as oferta anormalmente baixa presentada para estes lote.

Unha vez avaliadas o resto das ofertas polo equipo técnico, este valorou as admitidas de acordo cos criterios do PCAP do seguinte xeito:

<u>LOTE 1</u>	<u>GENERALI</u>	<u>HELVETIA</u>	<u>MAPFRE</u>	<u>PREVISIÓN BALEAR</u>	<u>W.R. BERKLEY</u>
OFERTA ECONÓMICA (DOUS ANOS)	2.586,86 €	1.802,06 €	1.642,80 €	1.185,10 €	2.800,00 €
PUNTUACIÓ N	45,81	65,76	72,14	100,00	42,33

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

Licitador	PT TOTAL	Orden
NIF: V07103419 Razón Social: PREVISIÓN BALEAR, M.P.S Fecha Presentación: 01-08-2024 14:57	100	1
NIF: A28229599 Razón Social: MAPFRE VIDA, DE SEGUROS Y REASEGUROS SOBRE LA VIDA HUMANA SA Fecha Presentación: 26-07-2024 09:35	72.14	2
NIF: A41003864 Razón Social: Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y	65.76	3





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

Licitador	PT TOTAL	Orden
Reaseguros Fecha Presentación: 01-08-2024 12:47		
NIF: A28007268 Razón Social: GENERALI ESPAÑA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS Fecha Presentación: 31-07-2024 10:25	45.81	4
NIF: W0371455G Razón Social: W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España Fecha Presentación: 31-07-2024 14:26	42.33	5

Xa que logo, a Mesa de Contratación, á vista da puntuación resultante, por unanimidade dos asistentes, acordou propor ao órgano de contratación a adxudicación do **LOTE 2** denominado “PÓLIZA DE ACCIDENTES DE MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL” do contrato de servizos denominado “PLAN II DE SEGUROS DO CONCELLO, PROTECCIÓN DE RISCOS EN PÓLIZAS DE ACCIDENTES VARIOS, RC EMBARCACIÓNS E RC AUTORIDADES” á empresa PREVISIÓN BALEAR, M.P.S” (V07103419) polo importe de 1.185,10 € (exento de IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co prego de prescricións técnicas e coa oferta presentada.

De acordo co art. 150.2 da LCSP e co prego de cláusulas administrativas particulares; o día 14 de agosto do 2024 requiriuse á licitadora proposta como adxudicataria para que no prazo máximo de cinco días hábiles presentara a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que se refire o prego de cláusulas administrativas particulares.

Dentro do prazo concedido, “**PREVISIÓN BALEAR, M.P.S**” aportou correctamente a documentación requirida, a cal consta no expediente.

Entre a documentación aportada consta a garantía definitiva polo importe de 59,25 euros, constituída mediante ingreso en metálico a través de transferencia á conta do Concello en Abanca con data de 19/08/2024, figurando o xustificante no expediente.

Con data de 28 de agosto do 2024 polo departamento de Intervención municipal emitíuse informe de fiscalización favorable, asinado polo Interventor Municipal.

Xa que logo, aportada a documentación solicitada e dado que a empresa proposta como adxudicataria está ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, constituíu a garantía definitiva e ten aptitude para contratar; procedería, de conformidade co art. 150 e 158 da LCSP, adxudicar o **LOTE 2** deste contrato a “**PREVISIÓN BALEAR, M.P.S**”.

En consecuencia, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e 117 da LCSP, e considerando as atribucións conferidas a esta Tenencia de Alcaldía mediante Decreto da Alcaldía 2023003281, de 21 de xuño, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Adxudicar a “**PREVISIÓN BALEAR, M.P.S**” con enderezo en C/ GREMI SABATERS, 68, 1ªA, PALMA e CIF nº V-07103419, o **LOTE 2** denominado “**PÓLIZA DE**





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

ACCIDENTES DE MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL” do contrato de servizos denominado "PLAN II DE SEGUROS DO CONCELLO, PROTECCIÓN DE RISCOS EN PÓLIZAS DE ACCIDENTES VARIOS, RC EMBARCACIÓNS E RC AUTORIDADES”, licitado por medio de procedemento aberto, polo importe de 1.185,10 € (exento de IVE).

O prazo de execución do referido contrato é de DOUS (2) anos, sen posibilidade de prórroga, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato.

SEGUNDO.- Nomear como técnico responsable deste contrato ao Técnico de Orde Pública, don Marcos Veiga Rodríguez.

TERCEIRO.- O contratista adxudicatario deberá executa-los traballos obxecto deste contrato do xeito descrito no prego de cláusulas administrativas particulares e no prego de prescricións técnicas reguladores desta licitación, e de conformidade coa oferta presentada.

CUARTO.- Dispor un gasto para este contrato de servizos polos importes que de seguido se citan, unha vez que xa foi autorizado o mesmo segundo se desprende dos documentos “ARC” que se sinalan a continuación:

ANUALIDADES	APLICACIÓN	OPERACIÓN	IMPORTE
2024	30.912.22400	ARC 202400027630	592,55 €
2025	30.912.22400	ARCFUT1 202400027647	592,55 €

QUINTO.- Autorizar unha liberación de crédito polos importes que de seguido se citan correspondentes ao importe da baixa realizada:

ANUALIDADES	APLICACIÓN	IMPORTE
2024	30.912.22400	807,45 €
2025	30.912.22400	807,45 €

SEXTO.- Notifíquesele aos interesados.

SÉTIMO.- Consonte á lexislación vixente, deberase dar a seguinte publicidade ao presente contrato, con inclusión dos seus datos básicos, entre os que figuran obxecto, adxudicatario, importe de adxudicación e desagregación do IVE:

- Perfil do contratante do Concello de Oleiros (art. 154 da LCSP): a formalización do contrato deberá publicarse, xunto co correspondente contrato, nun prazo non superior a quince días tras o perfeccionamento do contrato.
- Rexistro de Contratos do Sector Público (arts. 346 e seguintes da LCSP): envío dos datos dos contratos maiores e menores realizados ao longo do ano no primeiro trimestre do ano seguinte.
- Tribunal de Contas e Consello de Contas (Resolución de 3 de xullo de 2018, do Tribunal de Contas):
 - o envío dos datos de contratos maiores e menores primitivos realizados ao longo do ano no primeiro bimestre do ano seguinte.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

- o Documento de formalización e extracto do expediente, así como datos de modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, variacións de prezo e importe final, nulidade, extinción normal e extinción anormal dos contratos que superen os seguintes limiares de valor estimado, no prazo de tres meses dende a formalización:
 - Obras, concesións de obra e concesións de servizo: 600.000,00 €
 - Contratos de servizos e contratos administrativos especiais: 150.000,00 €
 - Contratos de subministración: 450.000,00 €
 - Acordos marco: 600.000,00 €

OITAVO.- De conformidade co art. 153.3 da LCSP, o contrato formalizarase non máis tarde de quince días hábiles seguintes a aquel no que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores.

NOVENO.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpoñer-las recursos seguintes:

1. Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, e, se fose presunto, no prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da cidade da Coruña, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O anterior enténdese sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), de formulación da solicitude do artigo 106.1 LPACAP ou de interposición de calquera outro recurso que se estime procedente.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Primeira Tenente da Alcaldía segundo delegación(D.A 2023003281 de data 21.06.2023), e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

